

Festival Internacional

*Dende a nada*

**CEDEIRA ESCÈNICAS**

do 18 ao 27 de outubro de 2024



Festival Internacional

*Dende a nada*

**CEDEIRA ESCÈNICAS**

do 18 ao 27 de outubro de 2024



ESPECTÁCULOS

# Festival Internacional *Dende a nada*

Venres 18 - 21.00h - Auditorio Municipal de Cedeira  
Cía EVA COMESAÑA | Perder a Lingua | 50' | Público adulto

**CEDEIRA  
ESCÉNICAS**




Perder a lingua é un espectáculo no que danza, música e videocreación traballan en simbiose para crear unha posta en escena conceptual e sinestésica, que pon en valor as nosas raíces, territorio e singularidades culturais.

Un dispositivo escénico que recolle o proceso de construción dunha lingua, da ausencia á pertenza. Transita dende os primeiros esforzos da gorxa por comunicarse, ata a celebración de compartir e ser en común.

DIRECTORA, INTÉRPRETE E BAILARINA - Eva Comesaña  
COMPOSICIÓN E INTERPRETACIÓN MUSICAL - Rubén Fernández  
VIDEOCREACIÓN - Eva Antelo  
ILUMINACIÓN, ESCENOGRAFÍA E INTERACCIÓN - Macarena Palacios  
VESTIARIO - Marta García  
ASISTENCIA DRAMATÚRXICA - Ernesto Is  
ASISTENCIA COREOGRÁFICA - Alejandra Balboa  
ASISTENCIA ESCENOGRÁFICA - Pablo Galdo



Entradas 2,5 € - Reservas: [enrique.vazquez@cedeira.gal](mailto:enrique.vazquez@cedeira.gal) | Tel. 649876614



# Festival Internacional

Mércores 23 - 21.00h - Xardíns Palacete Municipal

Colectivo Glovo | Alleo | 15' | Público xeral

Todo comeza alí arriba, onde atisbamos o que acontece e se rexistra o alleo do campo e do mar. Desde a miña posición apréciase a verdade; a torre é cálida, é laranxa. Os raios de sol fúnden-se nas fisuras e rompen baixo pedras rotundamente terrenais. Aquela ardente soidade, queima y destrúe o privilexio do atisbo deixándonos no abandono ante a eterna inmensidade. Alleo se basea na idea da atalaia.

Parte do condicionamento da “privilexiada” posición da torre e de quen desempeñaba o papel na vixilancia. Habitamos ambos corpos: o poder que outorgaba coñecemento do descoñecido e o que estaba por vir, así como a soidade desa posición e o peso do descubrimento do alleo.

Creación e interpretación: Esther Latorre e Hugo Pereira

Música: Collage

Vídeo: Dani Rodríguez


Apoio en xestión: Manu Lago

Vestuario: Jandro Villa

Entrada libre. [www.cedeira.gal](http://www.cedeira.gal)

Dende a nada

CEDEIRA  
ESCÉNICAS



# Festival Internacional

Dende a nada

CEDEIRA  
ESCÉNICAS



Domingo 27 - 19.00h - Auditorio Municipal

Mevadeus | Outrora Nós | 60' | Público xuvenil - adulto

Nun contexto onde os nosos dereitos actuais son postos en dúbida, o medo a ser un mesmo condiciona a nosa maneira de relacionarnos. Debido a isto, os relatos dos disidentes, de todas as persoas que viviron ao marxe da sociedade, deben poñerse no foco para dar voz ao cambio, evitando así perpetuar patróns que afectan directamente á nosa realidade actual onde as voces individuais son caladas constantemente polo ruído das masas e o consumismo, que nos dicta qué facer. A procura da aceptación xera en nós frustración e violencia, perturbando así a maneira na que entendemos o amor.

Elenco: Bal Castro | Inés Santos | Brais Pombo | Mara Neira

Dirección: Alba Villar

Dramaturxia: Mevadeus e Alba Villar

Espazo escénico: María Torres e Carmen Casal (Dúas e punto)

Iluminación: María Torres e Carmen Casal (Dúas e punto)


Vestuario: María Torres e Carmen Casal (Dúas e punto)

Espazo sonoro: Mevadeus

Proxeccións audiovisuais: Alba Villar



Entradas 2,5 € - Reservas: [enrique.vazquez@cedeira.gal](mailto:enrique.vazquez@cedeira.gal) | Tel. 649876614



Festival Internacional

*Dende a nada*

**CEDEIRA ESCÈNICAS**

do 18 ao 27 de outubro de 2024



OBRADOIROS

# Festival Internacional *Dende a nada*

Sáb. 19 - Dom. 20 - Auditorio M. - De 10.30h a 13.30h

Creación dun espectáculo a través de experiencias persoais

Imparte: Jamie Bradley (Inglaterra)

Artista, director, escritor e actor, estudou actuación na Guildhall School of Music and Drama e belas artes no Chelsea College of Arts, gradándose con honras de primeira clase. Dirixiu e ideou múltiples proxectos en Guildhall, Fontainebleau School of Acting e LAMDA, e como docente dirixiu obradoiros para Complicite, Transport, Selma Susanna Studio Amsterdam, Pro Corda e English Chamber Orchestra.


Jamie Bradley proporcionará neste obradoiro os elementos básicos e métodos para desentrañar e ordear historias persoais co fin de crear extraordinarias pezas teatrais visuais utilizando técnicas de narración que desenvolveu ao longo da súa carreira.

Prezo do obradoiro: 12 €

**CEDEIRA**  
**ESCÉNICAS**



Inscripción: [enrique.vazquez@cedeira.gal](mailto:enrique.vazquez@cedeira.gal) | Tel. 649876614



# Festival Internacional

Dende a nada

CEDEIRA  
ESCÉNICAS



Mércores 23 - Auditorio M. - De 17.00h a 19.00h

Corpo Habitado

Imparte: Esther Latorre (Lugo) - Colectivo Glovo


Graduada en danza contemporánea no Conservatorio Profesional de danza de Lugo, foi merecedora do Premio á excelencia como intérprete de danza contemporánea e foi alumna bolseira na Anton Bruckner Privat universität für Musik, Tanz und Schauspiel de Linz, Austria. Desde entón, traballou con compañías en España e Portugal, recibindo múltiples premios e mencións. Tamén traballou en diversas coproducións co Centro Coreográfico Galego. Desde 2016 codirixe a compañía de danza Colectivo Glovo xunto ao portugués Hugo Pereira, tendo recibido numerosos premios e mencións coas súas creacións e con exitosas xiras anuais nacionais e internacionais. Tamén, codirixe as residencias artísticas e investigación Atopémonos Bailando de Lugo.

Neste obradoiro achegarémonos aos movementos básicos de iniciación á danza contemporánea, non sendo necesaria ningún tipo de experiencia previa.

Prezo do obradoiro : 4 €



Inscripción: [enrique.vazquez@cedeira.gal](mailto:enrique.vazquez@cedeira.gal) | Tel. 649876614





# Festival Internacional

Dende a nada

Xoves 24 - Venres 25 - Auditorio M. - De 17.00h a 20.00h

O proceso creativo

Imparte: Simone Jenkinson (Inglaterra)

CEDEIRA  
ESCÉNICAS




Simone leva máis de 25 anos de liderazgo artístico e creativo, con xiras mundiais xunto a compañías como De la Guarda e Fuerza Bruta, como directora creativa en Cuerda Producciones ou na súa última faceta como fundadora, xunto con Joseph Traynor, de Casa Pepanova un espazo de retiro e creatividade.

Neste obradoiro centrarémonos na "Viaxe do Heroe" e a estrutura narrativa, capacitando aos participantes para explorar historias universais que os unen e combinalas en relatos personais e íntimos baseados no momento presente.

Prezo do obradoiro: 12 €



Inscripción: [enrique.vazquez@cedeira.gal](mailto:enrique.vazquez@cedeira.gal) | Tel. 649876614



# Festival Internacional *Dende a nada*

Sáb. 26 - Dom. 27 - Auditorio M. - De 10.30h a 13.30h

## O corpo do creativo

Imparte: Guillermina Brandauer (Bos Aires) e Francesc TorrentGironella (Barcelona) - Cía Vòrtex Escènic

Guillermina Brandauer, nada en Arxentina, comeza aos 7 anos o seu percorrido artístico. Estuda danza, teatro, acrobacia e música. Traballa en varias compañías de renome internacional e tamén como docente de danza aérea. Interesada na investigación, forma compañías propias como VòrtexEscènic ou Las Beginners coas que pon a proba o seu impulso de manter vivo a arte como motor e transformador social.

Francesc TorrentGironella logo de estudar Letras, interésase pola transmisión viva da palabra. Isto lévao a infiltrarse nun traballo teatral que conecta cunha corrente de laboratorios europeos —Workcenter of Jerzy Grotowski and Thomas Richards— que consideran esencial una aproximación orgánica ao traballo do actor.

“A arte require composición e estrutura. O orgánico precede á composición.” Jerzy Grotowski


O corpo do creativo propón algunhas estratexias para traballar: capacidade de escoita e reacción, fluxo de movemento (percepción do espazo, ritmos e relación dos corpos, continuidade da atención, resposta cinética), despertar de diferentes niveis de atención/enerxía, aproximación ao mundo asociativo.

Prezo do obradoiro : 12 €

CEDEIRA  
ESCÈNICAS



Inscripción: [enrique.vazquez@cedeira.gal](mailto:enrique.vazquez@cedeira.gal) | Tel. 649876614



# Festival Internacional *Dende a nada*

Sáb. 26 - Dom. 27 - Sala Áncora - De 17.00h a 20.00h

Máscaras Balinesas

Imparte: Juan Martín Ortiz (Bos Aires)

CEDEIRA  
ESCÉNICAS



Juan Martín abordou ao longo da súa carreira diversos xéneros teatrais: traxedia grega, musical, danza clásica, jazz, contemporánea, tango, teatro psicológico ou teatro infantil. Durante 12 anos formou parte das compañías teatrais De la Guarda e Fuerza Bruta, xirando por Xapón, Korea, Taiwán, Filipinas, Alemaña, Bélxica, Escocia, Inglaterra, España, Estados Unidos, México, Colombia e Arxentina.

Nos últimos anos adentrouse no teatro con máscaras, viaxando a Bali, Indonesia, para proveerse delas e fusionalas co noso teatro.


A través das máscaras propoñémonos coñecer as ferramentas teatrais e expresivas que manifestamos en todo o corpo cando as utilizamos.

Entendendo o uso do espazo, os diferentes ritmos e tons expresivos que as máscaras nos propoñen podemos entender cunha verdade, quizais máis profunda, os conceptos para desenvolver un corpo expresivo.

Prezo do obradoiro: 12 €



Inscripción: [enrique.vazquez@cedeira.gal](mailto:enrique.vazquez@cedeira.gal) | Tel. 649876614



Festival Internacional

*Dende a nada*

**CEDEIRA ESCÉNICAS**

do 18 ao 27 de outubro de 2024



ENCONTROS

# Festival Internacional

# Dende a nada

CEDEIRA  
ESCÈNICAS



Sábado 19 - Auditorio M. - 19.00h

Creando un espectáculo - A creación e produción.

Domingo 20 - Auditorio M. - 19.00h

Artes escénicas, unha ferramenta de transformación social.

Xoves 24 - Auditorio M. - 20.30h

Proxección do documental "Grotowski" e conversa sobre o método desenvolto por Jerzy Grotowski.

Venres 25 - Auditorio M. - 20.30h

Ciclo Mestre Mateo 2024 | Documental


Emoción, Vida e Teatro. A nave das Marías.

Domingo 27 - Auditorio M. - 21.00h

Falamos con Alba Villar (Cedeira), directora de "Outrora Nós"



Entrada libre. [www.cedeira.gal](http://www.cedeira.gal)



Festival Internacional

*Dende a nada*

# CEDEIRA ESCÉNICAS

do 18 ao 27 de outubro de 2024



Organiza e promociona

Concello de Cedeira

Dirección

Simone Jenkinson | Joseph Traynor | Quique Vázquez

Produción

Hilo Retiro

Inscripcións nos obradoiros e reservas de espectáculos

[enrique.vazquez@cedeira.gal](mailto:enrique.vazquez@cedeira.gal) | 649876614

